



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

Nº 29

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.

Artigo 1. Fundamento e natureza.

Ó amparo do previsto nos artigos 57 e 20.3 apartados e), g), j), k) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de conformidade co que dispoñen os artigos 15 a 19 do citado texto legal, este Concello establece a “taxa por ocupacións do subsolo, solo e voo da vía pública”, , que se rexerá polo disposto no devandito RDL e pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2. Feito Impoñible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo de terreos de uso público local , que beneficien de modo particular ó suxeito pasivo e de conformidade cos termos establecidos no artigo 6º desta ordenanza, donde se regulan as tarifas a aplicar.

Artigo 3. Suxeito Pasivo.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 , de 17 de decembro, Xeral tributaria, que disfruten, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular.

Artigo 4. Responsables.

Responderán solidariamente da débeda tributaria do suxeito pasivo as seguintes persoas ou entidades:

1. Que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria . A súa responsabilidade tamén se extenderá á sanción.

2. Os copartícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o apartado 4 do artigo 35 da Lei Xeral Tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións respecto as obrigas tributarias materiais das citadas entidades.

3. As que sucedan por calquera concepto na titularidade ou exercicio de explotacións ou actividades económicas , polas obrigas tributarias contraídas do anterior titular e derivadas do seu exercicio.

O procedemento para declarar e esixi-la responsabilidade solidaria será o previsto no artigo 175 da Lei Xeral Tributaria.

Responderán subsidiariamente da débeda tributaria do suxeito pasivo as seguintes persoas ou entidades:

1. Os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas , que cometendo éstas infraccións tributarias , non realizasen os actos necesarios que sexan da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas e deberes tributarios , consentindo o incumplimento por aquilo de eles dependentes ou houbesen adoptado acordos que posibilitasen as infraccións. A súa responsabilidade tamén se extenderá á sanción .

2. Os administradores de feito e de dereito das persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades , polas obrigas tributarias devengadas de éstas que se atopen pendentes no momento do cese, sempre que non fixeran o necesario para o seu pago ou adoptaran acordos ou medidas causantes do impago.

O procedemento para declarar e esixi-la responsabilidade solidaria será o previsto no artigo 176 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. Base Impoñible.

Constitúe a base impoñible da taxa o valor que tería no mercado a utilidade derivada da utilización ou aproveitamento do dominio público local por ocupación do solo, subsolo e voo.

Artigo 6. Cota Tributaria.

1. A cota tributaria será a que resulte da aplicación das tarifas contidas no terceiro apartado deste artigo.

2. Nas taxas por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servicios de subministración que resulten de interese xeral ou afecten á xeralidade ou a unha parte importante da veciñanza, o importe daquelas consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5 por cento dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente en este termo municipal as referidas empresas.

As empresas que non obteñan ingresos brutos no termo municipal, aplicaráselles a tarifa que corresponda segundo o apartado 4 deste artigo.

Para os efectos, incluíranse entre as empresas explotadoras de ditos servicios, as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

Non se incluírán neste réxime especial de cuantificación da taxa os servicios de telefonía móbil.

Este réxime especial de cuantificación aplicarase ás empresas a que se refire o apartado deste artigo , tanto se son titulares das correspondentes redes a través das que se efectúan as subministracións como se, non sendo titulares de ditas redes, o son de dereito de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.

As taxas reguladas nesta ordenanza, esixibles ás empresas explotadoras de servicios de subministración citadas neste punto, son compatibles co Imposto sobre construcións, instalacións e obras , e con outras taxas que teña establecidas ou poida establece-lo Concello pola prestación de servicios ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas deban ser suxeitos pasivos conforme o estipulado no artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 , de 5 de marzo.

3. Para os efectos do disposto no apartado anterior, terán a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación obtida anualmente no término municipal polas empresas explotadoras de servicios de subministración, os obtidos en dito período polas mesmas como contraprestación polos servicios prestados no termo municipal.

Non se incluírán dentro do concepto de ingresos brutos procedentes da facturación :

1. Os impostos indirectos que graven os servicios prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade .

2. As cantidades percibidas por aqueles servicios de suministro que vaian a utilizarse en aquelas instalacións inscritas na sección 1ª e 2ª do Rexistro Administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Economía.

As empresas que empleen redes alleas para efectuar suministros deducirán dos seus ingresos brutos de facturación as cantidades satisfeitas a outras empresas en concepto de acceso ou interconexión as súas redes. As empresas titulares de tales redes deberán computar as cantidades percibidas por tal concepto entre os seus ingresos de facturación.

4. As tarifas da taxa serán as seguintes:

- Ocupación do subsolo:

Ocupación do subsolo por conduccións subterráneas de calquera tipo cando o ancho non exceda de 50 cm, 0,17 euros/ml ocupado ó mes.

Se o ancho excede de 50 cm , 0,23 euros/ml ocupado ó mes.

- Ocupación do solo:

Surtidores de gasolina ou outros combustibles, básculas, aparatos, máquinas, quioscos, transformadores, e outros análogos que se establezcan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local , 8,08 euros/ano por unidade .

A reserva especial da vía pública para celebración de actos, prácticas de autoescola, etc, os primeiros 50 m² ou fracción 10,11 euros/mes, por cada m² de exceso 6,73 euros máis ó mes.

- Ocupación do voo:

Cables, toldos e outras instalacións análogas..... 0,17 euros/ml ou fracción ó mes . Se tocan ó chan con apoio devengaran o duplo da taxa; grúas, utilizadas na construción cun brazo que ocupe o voo da vía pública 101,05 euros/ano.

Artigo 7. Exencións e Beneficios Fiscais.

1. O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigadas ó pagamento da taxa cando solicitaren licencia para disfrutar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servicios públicos de comunicacións que exploten directamente e para

outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

2. Non estarán suxeitos a esta taxa as entidades sen ánimo de lucro para a celebración de festexos populares e actos de interese social, económico e cultural.

3. Non se aplicarán bonificacións ni reducións para a determinación da débeda.

Non se recoñeceran outras exencións ou beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de Lei ou os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 8. Devengo.

A taxa regulada nesta ordenanza devengarase :

- a) Coa prestación da solicitude de ocupación ou aproveitamento que non se tramitara sen que se efectúe o pago correspondente.
- b) Dende o intre en que a ocupación ou aproveitamento se houbera iniciado, se este tivera lugar sen a preceptiva licenza municipal .
- c) Tratándose de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados devengarase o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalado na tarifa.

Artigo 9. Periodo Impositivo.

O período impositivo coincidira co ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese do aproveitamento especial, neste caso o período impositivo se axustara a esta circunstancia co conseguinte prorroteo da cota que terá lugar en todo caso por meses completos

Artigo 10. Normas de xestión.

As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, achegando declaración na que conste a superficie en metros cadrados, se se trata de ocupación do solo da vía pública, ou en metros lineais se é por conducción de calquera clase a instalar en subsolo, solo o voo da vía pública, achegando un plano detallado comprensivo do asentamento concreto dentro do termo municipal de tales aproveitamentos.

Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións, se procedese. Si se produciran diferencias, entre a superficie declarada e a que se pretende ocupar realmente, notificarase as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados.

Unha vez autorizada a ocupación ou o aproveitamento se non se determinou a con exactitude a duración dos mesmos, entenderáse prorrogada ata que se presente a baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes, agás as autorizacións outorgadas para un prazo concreto.

Non obstante, se o interese xeral esixise a supresión da ocupación ou o aproveitamento, a Administración Municipal revocará a licencia concedida, requirindo ó titular para que suprima á súa costa o aproveitamento.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas a terceiros. O incumprimento desta prohibición dará lugar á anulación da licencia.

A contía desta taxa que puidera corresponder a Telefónica de España, S.A. está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da Lei 15/1987, de 30 de xullo, de acordo coa disposición adicional octava da Lei 39/1988.

Artigo 11. Réxime de declaración e ingreso.

O ingreso da taxa realizaráse:

1. Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, o solicitante presentará a declaración-liquidación da taxa e xustificante do ingreso da cota tributaria ó mesmo tempo que efectúe a correspondente solicitude.

2. Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais no lugar e forma en que establece o Servicio de Recadación .

3. Tratándose de aproveitamentos realizados por empresas

explotadoras de servicios de subministracións, para a súa declaración e ingreso estarase ó disposto na súa normativa específica.

Artigo 12. Notificacións das taxas.

1. A notificación da débeda tributaria en supostos de aproveitamentos singulares realizarase ó interesado, no momento en que se realiza a liquidación, con carácter previo á prestación do servicio.

Non obstante o previsto no apartado anterior, se unha vez verificada a autoliquidación resultara incorrecta, practicarase liquidación complementaria.

2. Nos supostos de taxas por aproveitamentos especiais continuados que teñen carácter periódico, notificarase persoalmente ó solicitante a alta no rexistro de contribuíntes. A taxa de exercicios sucesivos notificarase colectivamente, mediante a exposición pública do padrón no tablón de anuncios do Concello, polo período que se publicará no Boletín Oficial da Provincia.

3. Ó abeiro do previsto na disposición transitoria segunda da Lei 25/1998, as taxas de carácter periódico reguladas nesta ordenanza que son consecuencia da transformación dos anteriores prezos públicos non están suxeitas ó requisito de notificación individual, sempre que o suxeito pasivo da taxa coincida co obrigado ó pagamento do prezo público ó que substitúe.

Artigo 13. Infraccións e sancións.

As infraccións e sancións en materia tributaria rexeranse polo disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 14. Reintegro do custos de reparación de danos.

De conformidade co previsto no artigo 24.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, cando o aproveitamento especial leve aparellada a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo da taxa que lle corresponda, está obrigado ó reintegro total do custo dos gastos de reconstrución ou reparación e ó depósito previo do seu importe, segundo informe dos servicios técnicos municipais, sen este depósito non se outorgara a licencia.

Se os danos foron irreparables, a entidade será indemnizada en contía igual ó valor dos bens destruídos.

Disposición adicional única

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou

disposición e que resulten de aplicación directa, producirán, de ser o caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local comenzará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2005, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes